



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

VOCALIS

Dn. Alfonso Castro Carrera
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)
D. Luis M^a Muiños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

VOCALIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE MATAMA, CONCELLO DE VIGO

D. Manuel Iglesias Alonso
D. Carlos Hermida García

SECRETARIA

Dna. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día catorce de xullo do 2004, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnesé na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "A Mo e outros" da parroquia de Matamá, do concello de Vigo.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Mediante escrito con data 04 de marzo de 2003, D. Manuel Iglesias Alonso como veciño da parroquia de Matamá, solicitou a clasificación como veciñal en man común das parcelas "A Mo", "Maruxento" e "Fonte Santa" da Parroquia de Matamá do Concello de Vigo, achegando informe pericial realizado por D. Angel Bravo Portela.

SEGUNDO.- Con data 7 de marzo de 2003 recíbese no Servizo Montes o expediente para informar sobre a suficiencia da planimetría aportada e se o citado monte se atopa incluído nalgunha das clasificacións existentes. Con data 9 de abril do 2003 remítese a información requerida en onde se sinala que a planimetría é suficiente, que os montes non se atopan clasificados e que están afectados polo trazado da circunvación a Vigo.



TERCEIRO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 24 de abril do 2003 acorda incoar expediente de clasificación das parcelas "A Mo", "Maruxento" e "Fonte Santa", nomear instructor a Manuel Francisco Gutiérrez así como a remisión do expediente ó Servicio de Montes ó obxecto de elaborar o informe preceptivo.

Con data 15 de maio do 2002 comunicouse o citado acordo ó solicitante e o Concello de Vigo.

CUARTO.- Con data 15 de maio de 2003 remítese o expediente ó Servicio de Montes para a elaboración do correspondente informe preceptivo. Cumprimentándose con data 31 de xullo do 2003.

A vista da solicitude e do informe preceptivo describense os montes da seguinte maneira:

CONCELLO: VIGO

PARROQUIA: MATAMÁ

NOME DO MONTE: "Fonte Santa I"

Cabida: 9, 65 Has. (Superficie alegada na solicitude, incluído os enclavados)

Lindes:

Norte: Estrada de Vilar a Mo e fincas particulares de Herdeiros de José Pérez Paz, Evaristo Martínez, Herdeiros de Juan García, Manuel Alonso Campos e outros

Sur: Camiño de San Andrés e fincas particulares de Herdeiros de Antonio Alonso Acuña, Justo Comesaña Ucha, Estrella Comesaña Ucha e outros

Leste: Propiedades particulares de Herdeiros de José Bastos Alonso, Herdeiros de Marcelina Alonso Rico, José Pérez Alonso, Ricardo Agulla, Herdeiros de Paulino Abreu, Amador Comesaña Vila, Herdeiros de Cándido Acuña Casal, Eugenio Alonso Rodríguez, Vidal Comesaña Fernández e outros

Oeste: Estrada de Balsa, MVMC de Comesaña e fincas particulares de Herdeiros de José García Álvarez e outros

Servidumes: Camiños de servizo ó monte e de acceso a fincas particulares e ó monte de San Andrés de Comesaña

Ocupacións: Unha finca labrada con algún frutal

Enclavados: recinto nº 8: 470 m/2, recinto nº 9: 267 m/2, recinto nº 10: 3.451 m/2

NOME DO MONTE: "Fonte Santa II"

Cabida: 0,04 Has. (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Fincas particulares de José Pérez Paz

Sur: Camiño das Revoltas

Leste: Camiño das Revoltas

Oeste: Estrada de Balsa

Servidumes: Tendido de luz e teléfono no límite da parcela e paralelo á estrada

Ocupacións: Non hai



NOME DO MONTE: "Maruxento"

Cabida: 6,58 Has. (Superficie alegada na solicitude, incluídos os enclavados)

Lindes:

Norte: Camiño das Millaradas, monte Fonte Santa I (desta mesma solicitude) e propiedades particulares de Herdeiros de Valerio Alonso Alonso, Amelia Alonso Abalde e outros

Sur: MVMC da parroquia de Valadares e propiedades particulares de Claudio Abreu Costas e outros

Leste: Estrada de San Xoán e de baixada a Mo e fincas particulares de José Alonso Martínez e Constante Ricoy

Oeste: Camiño a Gaspar e fincas particulares de José Garcíaa Garcíaa, Agustín González García, carmen Lorenzo e outros

Servidumes: Camiños e estrada

Enclavados: recinto nº 2: 255 m/2, recinto nº 3: 3.506 m/2, recinto nº 4: 2.671 m/2, recinto nº 5: 938 m/2, recinto nº 6: 4.665 m/2, recinto nº 7: 5.608 m/2. Superficie total dos seis enclavados: 17.643 m/2

NOME DO MONTE: "A Mo"

Cabida: 3,50 Has. (Superficie alegada na solicitude, incluídos o enclavado)

Lindes:

Norte: Estrada baixada a Mo

Sur: Propiedades particulares de Angel Costas, Silverio Alonso Alonso e María Alonso Prado

Leste: Camiño vello de A Mo a Beirán e propiedades particulares de Segundo Alonso Pintos, Urbano Pérez Paz, Ventura Alonso Abalde e outros nas paraxes Mo e Alborezas

Oeste: Propiedades particulares de José García Rato, Elba Alonso Pérez, José Alonso Abalde, Darío García Campos, Argentina González García, Luis Pintos Alonso, Benjamín Alonso Alonso, Herdeiros de Jaime Alonso Pérez, Julio Paz Pérez, Segundo Alonso Pintos e outros

Servidumes: Camiños e senda

Enclavados: recinto nº 1: 12.345 m/2

QUINTO.- Con data 19 de setembro do 2003 solicítase ó Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo certificación dos asentos que poidan afectar o terreo en cuestión en cumprimento do establecido no artigo 21 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei de Montes Veciñais en Man Común. Cumprimentándose con data 29 de setembro de 2003.

SEXTO.- Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia non se presentaron alegacións:



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- O uso en man común dos montes solicitados, tense suficientemente acreditado polas probas aportadas polos solicitantes, non obstante deben excluírse da clasificación aquelas zonas que non teñen uso común polos veciños por estar destinadas a estradas, depósitos municipais, ocupacións particulares, etc., quedando as parcelas da seguinte maneira:

Fonte Santa 1A: 7,7 Has.

Fonte Santa 1B: 0.40 Has.

Fonte Santa 1C: 0.58 Has.

Superficie total aproximada de Fonte Santa: 8.73 Has.

A Mo 1A: 1.86 Has.

Superficie total aproximada de A Mo: 1.86 Has.

Maruxento: 4,10 Has.

Superficie total aproximada de Maruxento: 4,10 Has.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e o Xurado por unanimidade, **ACORDA:**




CLASIFICAR os montes da parroquia de Matamá, do concello de Vigo, con excepción feita das ocupacións de particulares, estradas e a superficie ocupada polo depósito de material municipal, de acordo coas superficies reflectidas no fundamento de dereito terceiro e a planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.

Dado que da superficie inicialmente solicitada, eliminouse a superficie ocupada polos enclavados particulares, depósito de material municipal e estradas, os lindes dos montes, do presente expediente aínda que a base son os aportados polos solicitantes, deberán ser revisados como consecuencia das superficies eliminadas, con un posterior deslinde administrativo.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 23 de xaneiro de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución do acordo de revisión do esbozo do monte veciñal denominado Montes A Mó, Maruxento, Fonte Santa I e Fonte Santa II e Maruxento I e outros, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Matamá, no concello de Vigo (expediente RE22039).

Para os efectos previstos na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade do acordo acadado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, na sesión que tivo lugar o 27 de novembro de 2024, respecto á revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal denominado Montes A Mó, Maruxento, Fonte Santa I e Fonte Santa II e Maruxento I e outros, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Matamá, no concello de Vigo (expediente RE22039).

O 23.9.2024 o Servizo de Montes deste departamento territorial emitiu o seguinte informe:

«Feitos:

Primeiro. O 23.9.2022 e con número de rexistro de entrada 2022/2340495, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Matamá, parroquia de San Martiño de Matamá (Vigo), solicita a revisión total do esbozo do monte veciñal en man común (en diante, MVMC) da Mó, Maruxento, Fonte Santa I e Fonte Santa II (ID 3211) e Maruxento I e outros (ID4163). A dita solicitude deu lugar á apertura do expediente RE22039. Consta no expediente a seguinte documentación:

– Revisión do esbozo do monte veciñal en man común de Fonte Santa-Maruxento e A Mó, parroquia de Matamá, concello de Vigo. Foi asinada o 28.8.2024 pola enxeñeira técnica forestal colexiada número 908 do CETFG.

– Certificado do 26.8.2024 da secretaria, coa conformidade do presidente da CMVMC de Matamá, da aprobación na asemblea xeral do 28.4.2024.



- Cartografía en formato dixital ETRS 89 UTM zone 29N.

Logo de revisada a proposta de revisión total, despréndese:

– Levouse a cabo un levantamento topográfico da parcela con GPS de precisión centimétrica no cal percorreu todo o perímetro con varios membros da Xunta Reitora da comunidade de montes. Durante ese percorrido identificáronse os marcos de todo o perímetro e dos enclavados; todo o perímetro está delimitado por muros e marcos que o separan dos propietarios particulares.

Segundo. O MVMC da Mó, Maruxento, Fonte Santa I e Fonte Santa II (ID 3211) e o MVMC Maruxento I e outros (ID4163) foron clasificados polo Xurado de MVMC de Pontevedra o 14.7.2004 con 19,77 ha e o 24.5.2011, con 0,51 ha. Segundo os datos do sistema rexistral forestal, regulado no artigo 126 da Lei 7/2012, de montes de Galicia:

- Non consta contrato de xestión coa Administración forestal.

– A CMVMC de Matamá dispón dun documento simple de xestión inscrito no Rexistro de Montes Ordenados de Galicia co número 3600199 e vixente ata 2026.

- Non constan actos de disposición que modifiquen a superficie do monte.

Terceiro. A superficie e perímetro da revisión do esbozo proposto total é de 18,02 ha (superficie sen proxección) e de 7,62 km:

– MVMC da Mó, Maruxento, Fonte Santa I e Fonte Santa II (ID 3211): superficie de 17,51 ha. Non se modifican os lindes establecidos na Resolución do Xurado de MVMC de Pontevedra do 7.5.1979.

– MVMC de Maruxento I e outros (ID4163): superficie de 0,51 ha. Non se modifican os lindes establecidos na Resolución do Xurado de MVMC de Pontevedra do 7.5.1979.

Cuarto. O 30.11.2022 o Xurado Provincial de MVMC de Pontevedra acorda solicitarlle ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Matamá (Vigo), expediente RE22039, coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.



Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en adiante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

Segunda. A revisión do esbozo do MVMC da Mó, Maruxento, Fonte Santa I e Fonte Santa II (ID 3211) e do MVMC Maruxento I e outros (ID4163), da CMVMC de Matamá, proposta polo Servizo de Montes é a presentada pola comunidade e queda definida consonte os datos reflectidos no feito terceiro e a memoria técnica indicada no feito primeiro».

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal da Mó, Maruxento, Fonte Santa I e Fonte Santa II (ID 3211) e do MVMC Maruxento I e outros (ID4163), e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este xurado, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar a revisión do esbozo do monte veciñal denominado Montes da Mó, Maruxento, Fonte Santa I e Fonte Santa II (ID 3211) e do MVMC Maruxento I e outros (ID4163), clasificados a prol da CMVMC de Matamá (Vigo), segundo a proposta do Servizo de Montes e a planimetría elaborada por el.

Pontevedra, 23 de xaneiro de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: wicfkr72-1fy0-pra3-gtp2-093g0efsumh1



520800

521200

521600

522000

Superficie total = 17,51 ha.

Fonte Santa II (A)

Fonte Santa II (B)

Fonte Santa I e Maruxento

A MÓ

A MÓ



4671200

4671200

4670800

4670800

520800

521200

521600

522000

PROPOSTA DA REVISIÓN ESBOZO TOTAL

ID 3211- Montes a Mó, Maruxento, Fonte Santa I e Fonte Santa II
ID 2989- Pertenza Matamá (Vigo)CMVMC de Matamá
Concello de VigoCONSELLERÍA
DO MEDIO RURAL
Dir. Territorial de Pontevedra
Servizo de Montes

datum ETRS89 - UTM zona 29N

Escala 1:3.500

Setembro - 2024

CVE: hRUTPnovL81
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>